


## Medidas tradicionais galegas : Capacidade

Nome	Orixe	Imaxe	Equivalencia	Medidas relacionadas
Cuartillo	Un cuarto de litro, nas Rías Baixas parece ser que valía por medio litro			
Neto	Equivalente a medio litro		2 cuartillos	
Azumbre	Equivalente a dous litros			
Cuartilla	Equivalente a catro litros		2 azumbres	
Canada	De oito litros, nalgúns lugares cinco ou seis litros			
Cántaro ou ola	Medida de capacidade usada nos líquidos (viño, aceite,...)Equivale a dezaseis litros.		2 canadas	1 ola = 1 cabazo = 1 cántara = 1 arroa = 16 litros
Cabazo	en Redondela o cabazo=20 litros. (Pero nos concellos limítrofes poden ser 16 ou 14 litros)			
Cañado	Equivalente a 40 litros		2 cabazos	
Moio	Equivalente a dezaseis cántaros		16 cántaros	
Sella	Que podía variar entre cinco, seis e ata quince litros			
Cunca	Dezaseisava parte dun ferrado			
Cuarto	Cuarta parte dun ferrado		4 cuncas	
Esca	Medio ferrado		2 cuartos	

## Medidas tradicionais galegas : Capacidade

<p>Ferrado</p>	<p>Medida de capacidade empregada para medir áridos (gran). O nome provén do recipiente de madeira empregado como medida, de forma trapezoidal e cos cantos ferrados (reforzados con ferro).</p>		<p>2 escas .Como medida de capacidade varía entre os 12 Kg e os 20 kg segundo a clase de gran.</p>	<p>A coincidencia no nome co ferrado de superficie parece deberse á coincidencia entre gran e terreo plantado (hai unha certa dúbida neste punto, facilmente resolta: facer equivaler o gran recolleito nunha extensión non é operativo xa que a produtividade é variábel ano a ano, en cambio si que podía haber certa constancia na cantidade de gran plantado en cada zona) .Un ferrado de centeo era a semente necesaria para unha extensión dun ferrado de terra. Isto tamén podería explicar a variabilidade da medida de superficie.</p>
<p>Fanega</p>			<p>En millo equivalía a cinco ferrados</p>	<p>Probablemente ten a mesma explicación que o ferrado...</p>